

Filipe Domínguez Avilés


OLLANDO UNHA FOTOGRAFIA



Ás portas das festas de San Pedro aconteceu o pasamento de Benedicto Arrizabalaga. Persoa moi coñecida no txoko pasaitarra do mesmo nome, mormente pol-a sua laboura a prol da parroquia do apóstolo. De feito xa en vida (que eu lembre) recibira dúas merescidas homenaxes. A primeira delas de ONDARTXO ABESBATZA que lle agasallara cunha réprica da chave do coro que tantas veces lles abrira, ala pol-o mes de santos do 2005. E outra máis da mesma comunidade parroquial en maio do 2007 na que recibira unha makila. Amba-las dúas disfroutaraas na compañía da súa dona, Juana

Guereño, coa quen xa estará xunto a tantos amigos no colo do Pai.

Eu tivera a sorte de que compartira comigo os recordos dunha longa vida parroquial, pois fora sancristán dende o ano 1946 substituindo ao seu pai pol-o pasamento deste, hastra o día 8 do nadal do 2006 que con 86 anos entregaralle-las chaves ao estonces abade D. José Ramón Yurrita. Asi pois nunca millor dito, tiven a sorte, de que me contara mormente como foran as procisións nesta banda da badía, cousa que fun apuntando e aproveitei para espallar na revista PASAIAN nunha serie de traballos encol deste tema. Para elo, entre outras cousas, tamen andara eu á percura dalgunha fotografía coa que poder ilustralos. E deste xeito un día aparecera Bene cunha foto na que case non se daba visto nada, pois estaba moi branca a imaxe. Fora con ella a Juan Lazcoz, e o fotógrafo non daba un patacón pol-as semellas que saíran. Eu respóstáralle en galego: O non xa o levamos. É a única vez que eu lembre que para a nosa sorte, Juanito non atinara, fixo varias probas e conseguiu, por increíbel que pareza, o que nin el mesmo agardaba. Se alguén podía fracelo sen dúbida era Juan Lazcoz, e inda que un servidor hoxe recoñeza que fora un pouco desesperanzado, tiña a certeza, de que se houbera quen en sacar algo de alí -como así foi- era el.



Eu non me dou lembrado, se a foto era de Bene ou lla deixaran. Dinlle algunha das copias e aos poucos escomecei a ve-las por San Pedro. O que si acordo, e o que me sorprendera, era todo o que o vello sancristán vía nela. Segundo o Bene, a foto esta feita no mes de maio que se adicaba á virxe, i esta se puña no altar. Coa chegada de D. Manuel Lasa, quitarase do altar e puxérase a un lado. E a maiores tratase do segundo domingo do mes, pois está o San Luis, que se sacaba todo-las segundas semáns no día do Señor. Caseque nada nuha ollada!. A foto nun marxe ten o ano 1949.

**Cantas cousa levou consigo Bene!
Cantas cousas levan consigo os
nosos maiores!
Eu non poido mais que por mor
do dito e pol-a súa amizade...
ESKERRIK ASKO BENE.**